



ENTREVISTAS #EQUIPO GALARIA

"Buscamos unha atención segura, humanizada e sostible, colocando aos pacientes como centro e obxectivo da nosa asistencia"



Mercedes Arias

Xefe de Servizo da Unidade de Diagnóstico por Imaxe de Galaria

Mercedes Arias está á fronte da Unidade de Diagnóstico por Imaxe, un gran equipo cunha "cadea de traballo moi eficiente" e cunha extensa labor investigadora, co servizo de resonancia magnética móbil como referente. "Garantimos unha atención sanitaria máis equitativa e accesible, sendo pioneiros na prestación deste tipo de servizo non só en Galicia senón en todo o territorio nacional, e conseguindo unha excelente aceptación por parte de profesionais e pacientes", indica.

Para comezar, queremos coñecer un pouco mellor ao equipo de Diagnóstico por Imaxe. Cantas persoas sodes e cales son os seus perfís?

A unidade traballa con 30 profesionais entre os que se atopan 9 facultativos/as especialistas en radioloxía (1 xefe de servizo), 9 enfermeiros/as, 9 técnicos/as (1 coordinador) e 3 auxiliares administrativos. O máis destacable é que se trata dun gran equipo cun único obxectivo, procurar a mellor atención posible aos nosos pacientes, o que facilita enormemente o traballo diario.

Todos sentimos intimamente comprometidos con eles, e así conseguimos unha cadea de traballo moi eficiente, na que cada elo é imprescindible para prestar unha asistencia de calidade, coa menor espera posible, e adaptada a cada paciente que atendemos.

Procurar que o paciente estea ben atendido e quede contento da atención recibida, repórtanos ademais a nivel persoal e profesional unha gran satisfacción, e fai que gocemos dun envexable clima laboral.





Parte do equipo de diagnóstico por imaxe

Aínda que desenvolvedes a vosa actividade con epicentro no Complexo Hospitalario de Vigo, contades coa vantaxe de estender a vosa actividade a todas as áreas asistenciais galegas, en colaboración con todos os hospitais. Como facedes para organizarvos nesta actividade tan complexa?

Desde 2006 realizamos estudos de resonancia magnética en equipos de resonancia móbil de alto campo, cunha calidade idéntica aos equipos de resonancia fixos, e facilitando o acceso á resonancia a pacientes afastados dos grandes centros hospitalarios.

Asumimos a actividade que se xera nos sete hospitais comarcais de Galicia, que de maneira individualizada non teñen o número de solicitudes de resonancia necesarias para que un equipo fixo sexa custo-efectivo e o servizo poida prestarse coa calidade necesaria.

Isto redunda nunha atención sanitaria máis equitativa e accesible, sendo pioneiros na prestación deste tipo de servizo non só en Galicia senón en todo o territorio nacional, e conseguindo unha excelente aceptación por parte de profesionais e pacientes (como o reflicten os elevados índices de satisfacción das enquisas).

Actualmente seguimos atendendo a demanda de resonancia dos sete hospitais comarcais de Galicia, aos que acudimos cunha periodicidade mensual; e imos tamén a outros catro grandes hospitais galegos (Vigo, Pontevedra, A Coruña e Lugo), para aproveitar a capacidade sobrante dos equipos de resonancia móbil, e axudar a reducir a lista de espera nestes centros.

Evidentemente esta atención múltiple, a distancia, todos os días do ano, axustada á demanda de cada centro, e realizando non só estudos sinxelos, senón todo o catálogo de probas de resonancia da Sociedade Española de Radioloxía Médica (SERAM) e non só pacientes ambulatorios senón tamén hospitalizados e urxentes; supón un gran reto formativo (con persoal altamente cualificado e preparado para traballar a distancia) e loxístico (planificación do roteiro, desprazamento dos profesionais, entrega das subministracións, xestión de máis de vinte accesos informáticos diferentes por cada usuario...).

Asemade, temos unha gran flexibilidade e capacidade de adaptación ás características de cada un dos hospitais, nos que nos integramos para todos os efectos coma se foramos persoal do propio centro, adoptando as súas peculiaridades, aínda que iso implique unha maior complexidade dos nosos propios procesos internos. Todo iso só resulta posible grazas á implicación e empeño dos profesionais da Unidade e ao apoio doutros moitos profesionais de Galaria (Recursos Humanos, Compras, Informática, Mantemento...).

É de recibo tamén recoñecer que os hospitais aos que damos servizo perciben a nosa dispoñibilidade para atendelos, o que nos facilita o labor facéndoa máis agradable e eficiente. Este complexo armazón busca, en definitiva, prestar un servizo áxil e altamente eficiente, que redunda nun mellor aproveitamento dos recursos sanitarios públicos.

Como percorremos Galicia enteira, coñecemos os problemas e características de cada hospital, e iso axúdanos a dar en cada caso "o servizo que especificamente necesitan", o que aumenta a satisfacción para todos, xa que desde o principio, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe de Galaria tivo claro que o seu obxectivo é servir aos pacientes. Ese obxectivo é o que nos move cada día, e evidentemente levar o servizo á beira do paciente incrementa a súa eficiencia.

A formación do cadro de profesionais de Galaria en uso das tecnoloxías é clave. Cales son os puntos fortes da vosa formación de cara ao persoal?

Para poder estar permanentemente actualizados é imprescindible que esteamos conectados con todos os ámbitos de actualidade presentes no noso traballo. Para iso, os profesionais da Unidade de Diagnóstico por Imaxe teñen unha extensa traxectoria investigadora, con participación activa e recoñecida con numerosos premios nos Congresos Nacionais e Internacionais máis prestixiosos da especialidade.

O ano pasado recibimos unha invitación para presentar o noso modelo de traballo no foro profesional máis recoñecido da nosa especialidade, o Congreso da Sociedade Norteamericana de Radioloxía (RSNA).

En marzo deste ano tamén estivemos convidados no Congreso Europeo de Radioloxía para explicar a contribución das resonancias magnéticas móbiles á redución da pegada de carbono dos procedementos radiolóxicos, ao achegar a tecnoloxía aos pacientes e evitar as viaxes de ida e volta aos hospitais con resonancias fixas, mellorando ademais a accesibilidade e a

equidade no acceso.

Para manernos a este nivel é fundamental esta relación con profesionais doutros centros, e tamén transvasar ese coñecemento ao resto dos membros da Unidade.

Organizar cursos de formación para os nosos técnicos e enfermeiras, facilitar a aprendizaxe entre iguais, ou a comunicación cos superiores, realizar sesións clínicas internas e con outros profesionais, e o apoio constante entre compañeiros tamén favorece a aprendizaxe e a mellora continua. Por último, e por suposto, é fundamental estudar todos os días. O bo profesional ten que manter a curiosidade por aprender, e ser un “estudante” toda a súa vida.

Sodes unha Unidade dentro de Galaria que destaca pola súa produción investigadora. Precisamente, no Congreso Nacional de Radioloxía, a vosa Unidade foi recoñecida por un traballo sobre resonancia de próstata. Cales son os principais hitos nesta materia?

Un bo profesional debe cuestionarse de modo constante a súa actividade para mellorar, por iso a investigación en todos os ámbitos é fundamental para poder prestar un servizo de calidade. No noso caso ademais, este xeito de traballar deparounos grandes satisfaccións profesionais, que reforzan o noso compromiso e a nosa entrega ao servizo que temos encomendado.

Os profesionais da Unidade recibiron máis de quince premios a traballos de investigación presentados en congresos nacionais e internacionais da especialidade, tres deles na RSNA. O máis recente destes premios foi efectivamente un estudo sobre cancro de próstata, premiado no último congreso nacional da especialidade en 2024, no que estudamos como recoñecer patróns pouco habituais de presentación do cancro de próstata en resonancia magnética, contribuíndo á mellora no diagnóstico e manexo destes pacientes.

Difundimos con iso a experiencia dunha Unidade que realiza anualmente máis de 700 estudos de resonancia de próstata, unha técnica que se consolidou como estándar no diagnóstico, estadificación e seguimento do cancro de próstata. A información anatómica e funcional que de maneira non invasiva pódese obter dun estudo de resonancia de próstata reduce a necesidade de procedementos diagnósticos invasivos como as biopsias de próstata, e permite personalizar o manexo terapéutico dos pacientes.

Cales son os retos de futuro na vosa Unidade e as ferramentas que cres que serán fundamentais para facilitar a vosa tarefa?

O envellecemento da poboación, o aumento de enfermidades crónicas e da esperanza de vida fan que a demanda de probas diagnósticas, e especialmente da resonancia, que resolve problemas diagnósticos de maneira non invasiva na práctica totalidade de patoloxías e localizacións anatómicas, sexa exponencial, e isto esixe optimizar recursos e tempos de exploración. Á vez, a realización de técnicas de diagnóstico con resonancia máis avanzadas van requirir persoal máis especializado e maior tempo de radiólogo.



É previsible que nun futuro próximo, o número e funcionalidades das diversas ferramentas de intelixencia artificial con aplicación no ámbito da imaxe médica aumente de maneira exponencial, polo que poderemos automatizar tarefas, facilitar e axilizar o fluxo de traballo, e reducir a carga de traballo manual de técnicos e radiólogos, mentres se mellora a calidade da imaxe, redúcense artefactos e acúrtanse tempos de adquisición e reconstrución para proporcionar diagnósticos máis rápidos e fiables. Sistemas de estandarización de imaxes e de Big Data permitirán comparar e analizar imaxes de distintos centros dunha maneira sinxela, posibilitando a interoperabilidade e mellorando a calidade diagnóstica.

Desde a Unidade permanecemos atentos e informados respecto diso. De feito na nosa actitude sempre proactiva, estamos xa colaborando nun grupo de investigación multidisciplinar nun proxecto financiado con fondos europeos no desenvolvemento de novas ferramentas deste tipo, e pendentes de probar algunhas ferramentas de postprocesado automático con intelixencia artificial de estudos cerebrais e de próstata para axilizar o proceso diagnóstico.

Como definirías Galaria e cal é o papel da vosa Unidade na súa estrutura?

Galaria naceu hai trinta anos co obxectivo de mellorar o sistema sanitario público de Galicia, proporcionando servizos de alta tecnoloxía sanitaria como a resonancia magnética, a través dun sistema de xestión flexible e áxil, onde o paciente é o noso obxectivo prioritario. Así, en setembro de 1996 puxemos en marcha a primeira resonancia magnética pública do sur de Galicia no antigo Hospital Xeral de Vigo.

Ata a súa integración no Servizo de Radioloxía do Hospital de Vigo en xuño de 2019, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe de Galaria, xestionou as resonancias fixas do Hospital Xeral ás que logo se incorporou a resonancia do Hospital Meixoeiro. Levou a cabo sen incidencias o traslado ao novo Hospital Álvaro Cunqueiro en 2015, e puxo alí en marcha a primeira resonancia de 3T, sempre mantendo uns elevados e contrastados niveis de eficiencia e calidade, referendados polos recoñecementos ao labor científico da Unidade, as enquisas de satisfacción de pacientes e facultativos, ou o certificado de calidade ISO 9001:2015, que obtivemos e mantemos desde o ano 2003.

Conseguimos que Vigo fose a área sanitaria con menor espera para a realización dun estudo de resonancia, e a única de Galicia onde non era necesario derivar pacientes á sanidade privada para realizar unha resonancia, dada a eficiente utilización dos recursos públicos da Unidade. Paralelamente, en 2006 puxemos en marcha un servizo único na sanidade pública española ata o día de hoxe, as resonancias móbiles que actualmente seguimos xestionando.

Durante todo este tempo, a actividade da Unidade caracterizouse pola súa eficiencia e a implicación coa innovación na atención aos nosos pacientes, sempre en colaboración co resto de profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Buscamos unha atención segura, humanizada e sostible (hai anos que traballamos sen papel por exemplo), colocando aos pacientes como centro e obxectivo da nosa asistencia, e desde sempre procuramos estimular aos nosos profesionais para que se identifiquen, impliquen,



formen, desenvolvan e gocen da satisfacción de ser partícipes deste proxecto asistencial público e transversal para toda Galicia, acorde coas directrices marcadas polo Servizo Galego de Saúde, e colaborando sempre para que a suma de esforzos consiga unha mellor atención sanitaria. Sentímonos identificados e cómodos nesta vocación de servizo público que agora mesmo contrasta cun ambiente de cada vez maior frustración entre os profesionais da sanidade.

